

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 4, 1-11

Naquel tempo, o Espírito conduciu a Xesús ó deserto, para que Satán o tentase. Despois de xaxuar corenta días e corenta noites, acabou por ter fame. O tentador, achegándose a el, díxolle:

– «Se es Fillo de Deus, manda que estas pedras se convertan en pan».

Pero el respondeu:

– «Está escrito: Non soamente de pan vive o home, senón de toda palabra saída da boca de Deus».

Levouno logo o Satán á cidade santa, e púxoo na atalaia do templo, dicíndolle:

– «Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí embaixo, que está escrito: “Mandaré os seus anxos para que te coiden e te leven nas súas mans; e os teus pés non se mancarán nas pedras.”»

Xesús respondeu:

– «Tamén está escrito: “Non tentarás o Señor, o teu Deus.”»

Pero aínda o levou o Satán a un monte moi alto e, mostrándolle os reinos todos do mundo enteiro, cheos de esplendor, díxolle:

– «Heiche dar todo isto se te prostras e me adoras».

Entón replicoulle Xesús:

– «Arreda, Satán, porque está escrito: “Só ó Señor, o teu Deus, adorarás, e só a El darás culto.”»

Deixouno o Satán, e achegáronse os anxos para o serviren.